

**Maio, maíño
ponte de pé,
a ver se gañamos
para un café.**

**Maio, maíño
ponte de lado,
a ver se gañamos
para un xeado.**

Señoras e señores
un pouquiño de atención
que os rapaces de Laredo
esforzáronse un montón.

De Chapela a Redondela
arranxando o noso Maio,
con moita festa e verbena
levamos o noso canto.

Estamos no CEIP Laredo
recollendo todos flores
para decorar o Maio
e que leve moitas cores.

Este curso en Laredo
quixemos sair ver Mundo;
cada mes un sitio novo;
parecemos vagabundos!

A rebolos polo mundo
van os nenos de Laredo;
encantanos viaxar,
pero ás nove é moi cedo!

Moito se fixo esperar
a primavera este ano
Choveu un día tras outro,
non parou nin pra xantar!

Estimada alcaldesa
vimos todos a pedir
o noso patio cuberto
pra podernos divertir.

Se camiñas por Chapela
e ves obras sen sentido
é que gastan o diñeiro
en cousas sen ningún tino.

Na praiña de Penedos
cando a vaías visitar,
vas estar moi entretido
recollendo os cristais.

Na praia de Arealonga
todo é lixo e cristais,
e que din os concelleiros?;
-Son recursos naturais!

Podes crelo ou non crelo
podes facer o que queiras
pero a praia Arealonga
está feita unha esterqueira.

Se camiñas pola rúa
e vas vendo moitos baches
é que vives en Chapela,
non dubides nen te enganes!

Cando teñas moita sede
cando xogues na Alameda,
non poderás beber auga
se esqueches a botella.

Na Alameda de Chapela
hai unha fonte sen auga;
aínda que é nova de todo
xa non serve para nada!

Nós fixemos este Maio
para poder concursar,
pero non nos conformamos
solo con vir a cantar.

**Ata aquí o noso Maio
feito con moita ilusión
a ver se nos dan un premio
para ir de excursión.**

Redondela 010524



Horreo de Chapela

